

1



COMISIÓN EUROPEA

- Un comisario de cada Estado membro
- Comparable ao Goberno dun país
- Representa a Unión



2



CONSELLO DA UNIÓN EUROPEA

- Un ministro de cada Estado membro
- Órgano decisorio
- Representa os Estados membros

3




PARLAMENTO EUROPEO

- Máximo 751 deputados
- Órgano decisorio
- Representa os cidadáns da Unión



4



FOLLA DE EXERCICIOS

NA PEL DUN DEPUTADO DO PARLAMENTO EUROPEO

PROCESO

A partir de agora, ídesvos poñer na pel dun deputado do Parlamento Europeo. Fostes elixidos directamente polos cidadáns da Unión ao Parlamento Europeo. Contan convosco para modificar (= cambiar), aprobar ou rexeitar propostas de lei.

No taboleiro atoparedes cartas coa cara en branco cara arriba. As cartas están numeradas. Empezade coa carta 1: un membro do grupo dálle a volta e le en voz alta o que está escrito no reverso. O grupo realiza deseguido as tarefas.

Logo de utilizar a carta 1, continuade por orde coas cartas 2, 3 e 4. Respectade o tempo indicado nas cartas. Empregade esta folla de exercicios para tomar notas.

CAMBIOS SOLICITADOS POLO CONSELLO DA UNIÓN EUROPEA

Escribide a continuación, brevemente, os cambios solicitados (emendas) (carta 2).

CAMBIOS DO PARLAMENTO EUROPEO

Escribide a continuación os vosos propios cambios (emendas) sobre a proposta de lei da Comisión Europea. Esta é a vosa nova lei. Recoméndase ter en conta tanto os cambios solicitados polo Consello da Unión Europea (na carta 2) como a información proporcionada por distintas partes interesadas (carta 3).

Enumerade os argumentos ou razóns polas que vós considerades, como deputados do Parlamento Europeo, que a lei que acabades de redactar ofrece a mellor solución (carta 4).

1.

2.

3.

1. PROPOSTA DE LEI DA COMISIÓN EUROPEA «O TABACO NA UNIÓN»



Para evitar que a xente nova empece a fumar, a Comisión Europea propón...

Artigo 1: ... facer obrigatorias as advertencias sanitarias nos paquetes de cigarros, como se decidiu en anteriores normativas da Unión.

Artigo 2: ... que o deseño dos paquetes xa non poida variar entre fabricantes. Todos os paquetes deben ser estandarizados e só se pode utilizar un tipo de fonte para o nome, a marca e o fabricante.

Artigo 3: ... que se prohíba a venda de produtos do tabaco a persoas menores de 18 anos en toda a Unión.

EUROPE@SCHOOL

Exención de responsabilidade: nin a forma nin o contido deste exercicio ofrecen unha imaxe completa e correcta da realidade nin representan os puntos de vista reais do Parlamento Europeo, a Comisión Europea, o Consello da Unión Europea ou os grupos de presión. O obxectivo deste exercicio de simulación é puramente educativo, única base real dalgunhas das decisións tomadas.

2. PROPOSTA DE LEI DA COMISIÓN EUROPEA «UN EXÉRCITO DA UNIÓN?»



Para que a Unión sexa máis poderosa no mundo, a Comisión Europea propón...

Artigo 1: ... a creación dun exército europeo.

Artigo 2: ... que este exército se despregue cando se produzan catástrofes humanitarias, como secas e inundacións, tanto dentro como fóra da Unión. Tamén poderá intervir en conflitos fóra da Unión, por exemplo en Siria.

EUROPE@SCHOOL

Exención de responsabilidade: nin a forma nin o contido deste exercicio ofrecen unha imaxe completa e correcta da realidade nin representan os puntos de vista reais do Parlamento Europeo, a Comisión Europea, o Consello da Unión Europea ou os grupos de presión. O obxectivo deste exercicio de simulación é puramente educativo, única base real dalgunhas das decisións tomadas.

3. PROPOSTA DE LEI DA COMISIÓN EUROPEA «A UNIÓN E O QUECEMENTO GLOBAL»



Para evitar que as temperaturas mundiais superen o límite crítico de 2 graos Celsius, a Comisión Europea propón...:

Artigo 1 ... que polo menos o 50 % do consumo final de enerxía na Unión se basee en fontes de enerxía renovables, como a enerxía solar e eólica, para o ano 2030. Para o 2050, débese elevar ao 100 %.

Artigo 2 ... que a Unión desempeñe un papel destacado nas conferencias internacionais sobre o clima e convenza a outros países do mundo para que tomen medidas serias.

EUROPE@SCHOOL

Exención de responsabilidade: nin a forma nin o contido deste exercicio ofrecen unha imaxe completa e correcta da realidade nin representan os puntos de vista reais do Parlamento Europeo, a Comisión Europea, o Consello da Unión Europea ou os grupos de presión. O obxectivo deste exercicio de simulación é puramente educativo, única base real dalgunhas das decisións tomadas.

4. PROPOSTA DE LEI DA COMISIÓN EUROPEA «DEMOCRACIA EUROPEA»



Para implicar máis aos cidadáns da Unión e asegurar unha percepción correcta desta última, a Comisión Europea propón...:

Artigo 1 ... que para as eleccións ao Parlamento Europeo, todos os Estados membros implanten o voto obrigatorio. Así, todos os cidadáns estarán obrigados a reflexionar sobre quen elixen como representantes no Parlamento Europeo.

Artigo 2 ... unha «Asemblea de Cidadáns Europeos», composta por un número de cidadáns seleccionados aleatoriamente e que cambia cada vez, que sumará a súa contribución a toda a lexislación de recente elaboración. A Comisión Europea, o Parlamento Europeo e o Consello da Unión Europea deberán ter presente nas súas decisións a información da Asemblea de Cidadáns Europeos.

EUROPE@SCHOOL

Exención de responsabilidade: nin a forma nin o contido deste exercicio ofrecen unha imaxe completa e correcta da realidade nin representan os puntos de vista reais do Parlamento Europeo, a Comisión Europea, o Consello da Unión Europea ou os grupos de presión. O obxectivo deste exercicio de simulación é puramente educativo, única base real dalgunhas das decisións tomadas.

5. PROPOSTA DE LEI DA COMISIÓN EUROPEA «REFUXIADOS EN EUROPA»



Para facer fronte á chegada actual e futura de migrantes e solicitantes de asilo na Unión e garantir un reparto xusto dos custos, a Comisión Europea propón...

Artigo 1: ... que todos os Estados membros lles ofrezan refuxio aos solicitantes de asilo* de acordo cos requisitos mínimos europeos: todos os solicitantes de asilo teñen dereito a alimentos, aloxamento, educación, sanidade e acceso a traballo mentres se tramita a súa solicitude.

Artigo 2: ... que se estableza un plan de recolocación permanente para os solicitantes de asilo en toda a Unión. Deste xeito, cada país inviste un esforzo equivalente.

Artigo 3: ... que a determinación do número de solicitantes de asilo distribuídos en cada país se basee en varios criterios: — O produto nacional bruto (PNB) de cada país — A poboación — As taxas de desemprego — Os esforzos xa realizados para acoller e reasentar a refuxiados de zonas assoladas pola guerra.

Artigo 4: ... que se cree unha misión europea a grande escala para o rescate de migrantes* necesitados no mar Mediterráneo a fin de evitar posibles novas mortes. Todos os Estados membros da Unión estarán obrigados a contribuír a esta misión en función do seu PNB.

* PALABRAS CLAVE:

Migrante: Toda persoa que abandona o seu país de orixe por un motivo. É o termo xenérico.

Refuxiado: Un refuxiado é un determinado tipo de migrante; alguén que se viu obrigado a fuxir do seu país por persecución, guerra ou violencia. Os refuxiados teñen un temor fundado á persecución por motivos de raza, relixión, nacionalidade, opinión política ou pertenza a un determinado grupo social.

Solicitante de asilo: Cando os refuxiados buscan refuxio noutro país, solicitan asilo: o dereito a ser recoñecidos como refuxiados e a recibir protección xurídica e axuda material. En canto está pendente a súa solicitude, chámaselles «solicitantes de asilo».

EUROPE@SCHOOL

Exención de responsabilidade: nin a forma nin o contido deste exercicio ofrecen unha imaxe completa e correcta da realidade nin representan os puntos de vista reais do Parlamento Europeo, a Comisión Europea, o Consello da Unión Europea ou os grupos de presión. O obxectivo deste exercicio de simulación é puramente educativo, única base real dalgunhas das decisións tomadas.

TEMA 1: O TABACO NA UNIÓN

A COMISIÓN EUROPEA

1. Lede a proposta de lei da Comisión Europea (1 minuto).
2. Comentade brevemente a proposta dentro do grupo: de que trata? Pedídlle ao profesor ou profesora información adicional en caso necesario (1 minuto).
3. Cada membro do grupo reflexiona durante un momento sobre se está de acordo coa proposta. Despois, todo o mundo vai rotando para presentarlles o seu punto de vista aos demais membros do grupo.

DATOS E CIFRAS

- O 26 % da poboación total da UE e o 29 % dos residentes da UE de entre 15 e 24 anos fuman.
- O 80 % dos fumadores empezaron a fumar antes dos 18 anos.
- Dous de cada tres fumadores morren a causa do tabaco.
- O tabaco é responsable cada ano de case 700 000 falecementos na UE.
- Millóns de fumadores padecen enfermidades relacionadas co tabaco, coma o cancro.
- A Unión calcula que o hábito de fumar lle custa aos sistemas sanitarios europeos arredor de 25 000 millóns de euros ao ano.

FUNDACIÓN PARA EVITAR QUE A XENTE NOVA FUME

A industria do tabaco considera a xente nova como os «fumadores de recambio»: a mocidade ten que compensar a todas as persoas que morren a consecuencia do tabaco. Por iso, instamos ao Parlamento Europeo a que eleve o límite de idade para mercar tabaco a 21 anos en lugar de 18.

O CONSELLO DA UNIÓN EUROPEA

O Consello de Ministros non está totalmente de acordo coa proposta da Comisión Europea. Gustaríanos ver os seguintes cambios:

ARTIGO 2. O logotipo das marcas de cigarros poderá exhibirse nos paquetes.

ARTIGO 3. Só os Estados membros poden determinar o límite de idade para comprar produtos do tabaco.

Apuntade estes cambios (emendas) na folla de exercicios (2 minutos).

O PARLAMENTO EUROPEO

Agora tócovos a vós. Como deputados do Parlamento Europeo, podeades cambiar a proposta de lei segundo o que creades que lles convén máis aos cidadáns da Unión. PERO: Tendes que ter en conta as opinións do Consello da Unión Europea (carta 2) e a proposta de lei orixinal da Comisión Europea. Utilizade tamén a información das partes interesadas (grupos de presión).

Seguide estes pasos:

1. Dádelle a volta ás cartas dos participantes unha por unha e lédeas en voz alta (cada membro do grupo le en voz alta unha das cartas, por quendas). Son as cartas cun símbolo na esquina. Continuade ata que deades lido todas as cartas (2 minutos).
2. Poñede as cartas co texto cara arriba na mesa para que todo o grupo poida ver a información.
3. Debatede no grupo a proposta de lei orixinal artigo por artigo. Empezade polo artigo 1: Quen está de acordo e quen non? Utilizade a información das partes interesadas para os vosos argumentos. Facede o mesmo con todos os artigos (6 minutos).
4. Redactade unha lei adaptada coa que estean de acordo todos os membros do grupo. Podeades modificar o contido dos artigos, eliminalos ou engadir outros novos. Anotade a vosa lei nova ou adaptada na folla de exercicios (6 minutos).

FUNDACIÓN CONTRA O CANCRO

Estamos contentos con esta nova proposta. Queremos evitar que as persoas empecen a fumar e cremos que os paquetes neutrais lograrán que fumar resulte moito menos atractivo. Animamos ao Parlamento Europeo a que faga esta proposta de lei o máis firme posible.

INDUSTRIA DO TABACO

A nós, a industria do tabaco, non nos gusta a nova proposta da Comisión Europea. Pedímoslle ao Parlamento Europeo que a rexeite. Xa levamos realizados moitos esforzos: prohibíronse os anuncios de tabaco e xa aparecen grandes advertencias nos paquetes. Non esquezan que, grazas á industria do tabaco, os gobernos recadan máis de 100 000 millóns de euros en ingresos fiscais ao ano. Tamén lles damos emprego a moitas persoas. Esta lei podería supoñer a perda de 175 000 postos de traballo na Unión.

Creastes a vosa propia lei adaptada. Agora tendes que solicitar o apoio de todo o Parlamento Europeo. Preparade una breve presentación da vosa nova lei para os demais deputados (os vosos compañeiros). Utilizade a folla de exercicios e procedede da seguinte forma (3 min):

1. Collede a proposta de lei orixinal da Comisión Europea e lédeas en voz alta.
2. Explicádelles aos vosos compañeiros que cambios solicitou o Consello.
3. Lede en voz alta a vosa nova lei.
4. Expoñede dous ou tres motivos ou argumentos polos que pensades que é unha boa medida para os cidadáns da Unión. Preparádeos previamente e escribídeos na folla de exercicios.

COMISIÓN EUROPEA

1. Lede a proposta de lei da Comisión Europea (1 minuto).
2. Comentade brevemente a proposta dentro do grupo: de que trata? Pedídlle ao profesor ou profesora información adicional en caso necesario (1 minuto).
3. Cada membro do grupo reflexiona durante un momento sobre se está de acordo coa proposta. Despois, todo o mundo vai rotando para presentarles o seu punto de vista aos demais membros do grupo.

DATOS E CIFRAS

- Os Estados Unidos de América teñen os gastos militares máis elevados do mundo (649 000 millóns de dólares USA), seguidos de China (250 000 millóns de dólares USA) e Arabia Saudita (67 600 millóns de dólares USA) (Statista, 2018).
- Espérase que os arsenais militares do mundo dupliquen o seu tamaño de aquí ao 2030 en comparación co 2016.

PROTESTA DOS CIDADÁNS

Non queremos que a Unión interveña en conflitos internacionais, porque supón un risco para a nosa seguridade aquí, en Europa. As posibilidades dun ataque terrorista en grandes cidades europeas aumentarán.

Se se crea un exército da UE, este só se debería despregar para operacións de axuda humanitaria.

TEMA 2: UN EXÉRCITO DA UNIÓN?

LABORATORIO DE IDEAS UNIÓN EUROPEA INDEPENDENTE

A natureza e o alcance dos conflitos e a seguridade a escala mundial están cambiando. As diferentes ameazas e actores están a xerar novos desafíos para a defensa e a seguridade dos países da Unión Europea.

Os Estados membros da Unión Europea deben, daquela, unir as súas forzas e desempeñar un importante papel no mundo no terreo militar.

O CONSELLO DO LABORATORIO DE IDEAS UNIÓN EUROPEA

O Consello de Ministros lémbrralle á Comisión Europea que os Estados membros deciden de forma independente sobre a súa política exterior e de defensa. Polo tanto, o Consello propón os seguintes cambios:

Adición no Artigo 1: Este exército europeo existirá en paralelo aos exércitos nacionais e non os substituirá.

Adición no Artigo 3: Cada Estado membro decidirá de maneira autónoma a súa contribución ao exército da Unión, tanto en efectivos coma en recursos (fondos, carros de combate, avións, etc.).

Apuntade estes cambios (emendas) na folla de exercicios (2 minutos).

O PARLAMENTO EUROPEO

Agora tócvos a vós. Como deputados do Parlamento Europeo, podedes cambiar a proposta de lei segundo o que creades que lles convén máis aos cidadáns da Unión. PERO: Tendes que ter en conta as opinións do Consello da Unión Europea (carta 2) e a proposta de lei orixinal da Comisión Europea. Utilizade tamén a información das partes interesadas (grupos de presión).

Seguide estes pasos:

1. Dádelle a volta ás cartas dos participantes unha por unha e lédeas en voz alta (cada membro do grupo le en voz alta unha das cartas, por quendas). Son as cartas cun símbolo na esquina. Continuade ata que deades lido todas as cartas (2 minutos).
2. Poñede as cartas co texto cara arriba na mesa para que todo o grupo poida ver a información.
3. Debatede no grupo a proposta de lei orixinal artigo por artigo. Empezade polo artigo 1: Quen está de acordo e quen non? Utilizade a información das partes interesadas para os vosos argumentos. Facede o mesmo con todos os artigos (6 minutos).
4. Redactade unha lei adaptada coa que estean de acordo todos os membros do grupo. Podedes modificar o contido dos artigos, eliminalos ou engadir outros novos. Anotade a vosa lei nova ou adaptada na folla de exercicios (6 minutos).

REDE DE ORGANIZACIÓNS PARA A PAZ

En Libia e Afganistán, a situación empeorou tras a intervención militar. As armas non poden solucionar conflitos. Queremos que a Unión se absteña de investir nun exército europeo. Os cidadáns non queren este exército e non queren que se lle destinen máis fondos á defensa europea.

Unha cuestión máis: que lingua se falaría nese exército? Inglés? Francés? Ou unha das outras 24 linguas oficiais da Unión?

INDUSTRIA DE DEFENSA

Estamos a favor dun novo exército europeo paralelo aos exércitos nacionais existentes. Debe prevalecer a seguridade da Unión. A Unión ten que desenvolver a súa propia política de defensa urxentemente, en vez de depender da axuda dos Estados Unidos en caso de ataque. Pedímoslle ao Parlamento Europeo que asigne un orzamento adicional para a creación deste exército. Redunda no noso interese común.

Creastes a vosa propia lei adaptada. Agora tendes que solicitar o apoio de todo o Parlamento Europeo. Preparade una breve presentación da vosa nova lei para os demais deputados (os vosos compañeiros). Utilizade a folla de exercicios e procedede da seguinte forma (3 min):

1. Collede a proposta de lei orixinal da Comisión Europea e lédeas en voz alta.
2. Explicádelles aos vosos compañeiros que cambios solicitou o Consello.
3. Lede en voz alta a vosa nova lei.
4. Expoñede dous ou tres motivos ou argumentos polos que pensades que é unha boa medida para os cidadáns da Unión. Preparádeos previamente e escribídeos na folla de exercicios.

TEMA 3: A UNIÓN E O QUECEMENTO GLOBAL

A COMISIÓN EUROPEA

1. Lede a proposta de lei da Comisión Europea (1 minuto).
2. Comentade brevemente a proposta dentro do grupo: de que trata? Pedídlle ao profesor ou profesora información adicional en caso necesario (1 minuto).
3. Cada membro do grupo reflexiona durante un momento sobre se está de acordo coa proposta. Despois, todo o mundo vai rotando para presentarles o seu punto de vista aos demais membros do grupo.

GRUPO DE CIENTÍFICOS MEDIOAMBIENTAIS DAS NACIÓNS UNIDAS

- A temperatura da Terra xa é 1 °C máis elevada que durante a Revolución Industrial debido ás emisións de gases de efecto invernadoiro procedentes das actividades humanas.
- Se a temperatura media aumenta 2 °C, xa non poderemos controlar as consecuencias (inundacións, fortes tormentas, subida do nivel de mar, etc.).
- A UE é responsable do 11 % das emisións mundiais de gases de efecto invernadoiro. A UE é o terceiro maior emisor, logo de China e dos Estados Unidos.
- O 18,9 % do consumo final bruto de enerxía da UE no 2018 proviña de fontes renovables (Eurostat, 2020).

CIDADÁNS

Coidamos que a UE debería tomar medidas estritas contra o quecemento global. Somos moderadamente optimistas no tocante á proposta europea e esperamos que o Parlamento Europeo faga todo o que está no seu poder para non rebaixala.

Non intervir no cambio climático terá graves consecuencias para todos e ha custarnos 934 millóns de euros ao ano. E, unha vez máis, serán os cidadáns os que paguen, non as empresas.

O CONSELLO DA UNIÓN EUROPEA

O Consello de Ministros celebra que a Comisión Europea estea a tomar en serio o cambio climático. Así e todo, solicita as seguintes modificacións:

ARTIGO 2. Un 30 % de fontes de enerxía renovables para o 2030. Só se fixarán medidas para o ano 2050 se os Estados Unidos e China tamén establecen medidas estritas.

Apuntade estes cambios (emendas) na folla de exercicios (2 minutos).

O PARLAMENTO EUROPEO

Agora tócovos a vós. Como deputados do Parlamento Europeo, podedes cambiar a proposta de lei segundo o que creades que lles convén máis aos cidadáns da Unión. PERO: Tendes que ter en conta as opinións do Consello da Unión Europea (carta 2) e a proposta de lei orixinal da Comisión Europea. Utilizade tamén a información das partes interesadas (grupos de presión).

Seguíde estes pasos:

1. Dádelle a volta ás cartas dos participantes unha por unha e lédeas en voz alta (cada membro do grupo le en voz alta unha das cartas, por quendas). Son as cartas cun símbolo na esquina. Continuade ata que deades lido todas as cartas (2 minutos).
2. Poñede as cartas co texto cara arriba na mesa para que todo o grupo poida ver a información.
3. Debatede no grupo a proposta de lei orixinal artigo por artigo. Empezade polo artigo 1: Quen está de acordo e quen non? Utilizade a información das partes interesadas para os vosos argumentos. Facede o mesmo con todos os artigos (6 minutos).
4. Redactade unha lei adaptada coa que estean de acordo todos os membros do grupo. Podedes modificar o contido dos artigos, eliminalos ou engadir outros novos. Anotade a vosa lei nova ou adaptada na folla de exercicios (6 minutos).

ACCIÓN POLO CLIMA

Estamos conformes con esta proposta e pedímoslle ao Parlamento Europeo que non achante ante os grupos de presión da industria do petróleo e o carbón. As probas mostran que investir nunha economía ecolóxica tamén crea novos empregos. Por esta razón, a UE debe continuar con estes plans, independentemente do que decidan outros países do mundo.

EMPRESAS DE PETRÓLEO E CARBÓN

O denominado sector das «enerxías renovables» aínda non está listo. Xa que logo, é imposible saber se seremos capaces de depender exclusivamente da enerxía renovable para o 2050. Esta é a razón pola que instamos ao Parlamento Europeo a non recorrer unicamente ás enerxías renovables co fin de protexer a subministración de enerxía dos cidadáns e empresas da UE.

Creastes a vosa propia lei adaptada. Agora tendes que solicitar o apoio de todo o Parlamento Europeo. Preparade una breve presentación da vosa nova lei para os demais deputados (os vosos compañeiros). Utilizade a folla de exercicios e procedede da seguinte forma (3 min):

1. Collede a proposta de lei orixinal da Comisión Europea e lédeas en voz alta.
2. Explicádelle aos vosos compañeiros que cambios solicitou o Consello.
3. Lede en voz alta a vosa nova lei.
4. Expoñede dous ou tres motivos ou argumentos polos que pensades que é unha boa medida para os cidadáns da Unión. Preparádeos previamente e escribídeos na folla de exercicios.

TEMA 4: DEMOCRACIA EUROPEA

A COMISIÓN EUROPEA

1. Lede a proposta de lei da Comisión Europea (1 minuto).
2. Comentade brevemente a proposta dentro do grupo: de que trata? Pedídlle ao profesor ou profesora información adicional en caso necesario (1 minuto).
3. Cada membro do grupo reflexiona durante un momento sobre se está de acordo coa proposta. Despois, todo o mundo vai rotando para presentarlles o seu punto de vista aos demais membros do grupo.

DATOS E CIFRAS

- A participación electoral total nas últimas eleccións europeas do 2019 foi do 50,7 %.
- Só Bélxica, Grecia e Luxemburgo teñen votación obrigatoria. Mesmo así, en Grecia non se aplica.
- A necesidade dunha maior participación cidadá na toma de decisións mencionouse explicitamente na metade dos informes nacionais da Consulta Cidadá Europea do 2018 e do 2019.

CIDADÁNS

Non se debería obrigar a votar aos cidadáns. Os adultos teñen dereito a elixir non votar se consideran que as eleccións non son importantes ou se non están de acordo con ningún candidato político ou co sistema.

Así mesmo, é mellor que voten unicamente aqueles que estean realmente interesados na UE, porque serán os que estean mellor informados. Se se obriga aos cidadáns que non están interesados, é posible que voten aleatoriamente, simplemente para cumprir cos requisitos legais, ou que voten a candidatos frívolos e bromistas.

GRUPO DE REFLEXIÓN INDEPENDENTE

A maior parte dos cidadáns de a pé non son expertos. Por que lles habían de dar as institucións un papel tan importante? En lugar dunha Asemblea de Cidadáns Europeos, o noso grupo de reflexión recomenda seleccionar expertos no ámbito, provenientes da industria, do mundo académico e das organizacións da sociedade civil.

O CONSELLO DA UNIÓN EUROPEA

O Consello da Unión Europea está a favor dunha maior participación cidadá nos asuntos da UE. Porén, sinala que son os Estados membros os que deciden sobre a obrigatoriedade do voto. Esixe os seguintes cambios:

ARTIGO 1. A Comisión Europea só pode animar aos Estados membros a introduciren a votación obrigatoria. Son os Estados membros os que toman a decisión final.

ADICIÓN NO ARTIGO 2 «Esta Asemblea só pode aconsellar e non ten ningún outro poder».

Apuntade estes cambios (emendas) na folla de exercicios (2 minutos).

O PARLAMENTO EUROPEO

Agora tócovos a vós. Como deputados do Parlamento Europeo, podedes cambiar a proposta de lei segundo o que creades que lles convén máis aos cidadáns da Unión. PERO: Tendes que ter en conta as opinións do Consello da Unión Europea (carta 2) e a proposta de lei orixinal da Comisión Europea. Utilizade tamén a información das partes interesadas (grupos de presión).

Seguide estes pasos:

1. Dádelle a volta ás cartas dos participantes unha por unha e lédeas en voz alta (cada membro do grupo le en voz alta unha das cartas, por quendas). Son as cartas cun símbolo na esquina. Continuade ata que deades lido todas as cartas (2 minutos).
2. Poñede as cartas co texto cara arriba na mesa para que todo o grupo poida ver a información.
3. Debatede no grupo a proposta de lei orixinal artigo por artigo. Empezade polo artigo 1: Quen está de acordo e quen non? Utilizade a información das partes interesadas para os vosos argumentos. Facede o mesmo con todos os artigos (6 minutos).
4. Redactade unha lei adaptada coa que estean de acordo todos os membros do grupo. Podedes modificar o contido dos artigos, eliminalos ou engadir outros novos. Anotade a vosa lei nova ou adaptada na folla de exercicios (6 minutos).

A ASOCIACIÓN DE POLÍTICA EUROPEA

Os europeos queren ter máis voz no funcionamento da UE. Estamos moi a favor da segunda parte desta proposta; en particular da escolma aleatoria dos cidadáns. Non ten sentido facer promesas para gañar un lugar nesta Asemblea. Así mesmo, isto garante o compromiso dos «cidadáns de a pé» na elaboración de políticas europeas. Este feito é importante, porque a maioría dos instrumentos de participación actuais se dirixen principalmente a intereses organizados ou profesionais, ou ben a expertos nun campo concreto.

LABORATORIO DE IDEAS PARA A DEMOCRACIA

Estamos a favor de introducir o voto obrigatorio para as eleccións europeas. Deste xeito, os resultados das eleccións recollerán a opinión de todos os cidadáns, incluída a mocidade. Este feito é importante, porque algunhas investigacións demostran que son principalmente as xeracións de maior idade as que emiten o seu voto, o que pode distorsionar os resultados das eleccións.

Ademais, a miúdo, os cidadáns están menos familiarizados co nivel de actuación europeo. Co voto obrigatorio, a situación cambiaría, xa que os cidadáns se terían que asegurar de que están informados antes de votar.

Creastes a vosa propia lei adaptada. Agora tendes que solicitar o apoio de todo o Parlamento Europeo. Preparade una breve presentación da vosa nova lei para os demais deputados (os vosos compañeiros). Utilizade a folla de exercicios e procedede da seguinte forma (3 min):

1. Collede a proposta de lei orixinal da Comisión Europea e lédeas en voz alta.
2. Explicádelles aos vosos compañeiros que cambios solicitou o Consello.
3. Lede en voz alta a vosa nova lei.
4. Expoñede dous ou tres motivos ou argumentos polos que pensades que é unha boa medida para os cidadáns da Unión. Preparádeos previamente e escribídeos na folla de exercicios.

A COMISIÓN EUROPEA

1. Lede a proposta de lei da Comisión Europea (1 minuto).
2. Comentade brevemente a proposta dentro do grupo: de que trata? Pedídlle ao profesor ou profesora información adicional en caso necesario (1 minuto).
3. Cada membro do grupo reflexiona durante un momento sobre se está de acordo coa proposta. Despois, todo o mundo vai rotando para presentarlles o seu punto de vista aos demais membros do grupo.

DATOS E CIFRAS

- 70,8 millóns de persoas en todo o mundo víronse obrigadas a abandonar os seus fogares (ACNUR, 2019): un número sen precedentes.
- O 14 % dos refuxiados de todo o mundo foron acollidos en Europa (ACNUR, 2019).
- Entre as razóns para fuxir inclúense a guerra (por exemplo, Siria); a crise (por exemplo, Afganistán e Libia), e o terrorismo (por exemplo, Nixeria e Eritrea).
- Dende o 2014 perderon a vida máis de 20 000 persoas tentando cruzar o mar Mediterráneo (Missing Migrants Project, 2019).

PROTESTA DOS CIDADÁNS

Os nosos países non poden acoller a todos os solicitantes de asilo. Non temos nin o espazo nin o diñeiro. A única forma de manter o noso modo de vida é non aceptar a ninguén de fóra da UE. Esiximos que cada Estado membro poida decidir de forma autónoma como lidar cos solicitantes de asilo e cantos admitirá. A Unión non lle pode impoñer nada aos Estados membros.

TEMA 5: REFUXIADOS EN EUROPA

LABORATORIO DE IDEAS INDEPENDENTE

Os países do sur da Unión Europea teñen o maior fluxo de migrantes porque se atopan máis próximos ás rutas migratorias actuais. Isto quere dicir que teñen que acoller a maioría dos solicitantes de asilo, o que lles supón un gasto económico. O resto dos Estados membros da UE deben prestarlles o seu apoio. Velaquí a razón pola que apoiámos a proposta legislativa da Comisión Europea.

O CONSELLO DA UNIÓN EUROPEA

O Consello de Ministros opina que os Estados membros deben decidir de forma autónoma sobre este asunto. O Consello quere os seguintes cambios:

ARTIGO 2. Os Estados membros conservarán a decisión última sobre se participan ou non no plan de recolocación.

ARTIGO 3. Os Estados membros decidirán de maneira autónoma cantos refuxiados acollerán.

ARTIGO 4. Cada país tomará a decisión final sobre a súa contribución.

Apuntade estes cambios (emendas) na folla de exercicios (2 minutos).

O PARLAMENTO EUROPEO

Agora tócovos a vós. Como deputados do Parlamento Europeo, podedes cambiar a proposta de lei segundo o que creades que lles convén máis aos cidadáns da Unión. PERO: Tendes que ter en conta as opinións do Consello da Unión Europea (carta 2) e a proposta de lei orixinal da Comisión Europea. Utilizade tamén a información das partes interesadas (grupos de presión).

Seguíde estes pasos:

1. Dádelle a volta ás cartas dos participantes unha por unha e lédeas en voz alta (cada membro do grupo le en voz alta unha das cartas, por quendas). Son as cartas cun símbolo na esquina. Continuade ata que deades lido todas as cartas (2 minutos).
2. Poñede as cartas co texto cara arriba na mesa para que todo o grupo poida ver a información.
3. Debatede no grupo a proposta de lei orixinal artigo por artigo. Empezade polo artigo 1: Quen está de acordo e quen non? Utilizade a información das partes interesadas para os vosos argumentos. Facede o mesmo con todos os artigos (6 minutos).
4. Redactade unha lei adaptada coa que estean de acordo todos os membros do grupo. Podedes modificar o contido dos artigos, eliminalos ou engadir outros novos. Anotade a vosa lei nova ou adaptada na folla de exercicios (6 minutos).

AMNISTÍA INTERNACIONAL

Se a UE realmente pensa que os dereitos humanos importan, deberá actuar e salvar vidas. Pedímoslle ao Parlamento Europeo que apoie esta proposta, porque é absolutamente necesario un enfoque europeo. Instamos tamén á UE a que ofrezca opcións legais para os solicitantes de asilo de fóra da UE. Na actualidade, as persoas só poden presentar a solicitude logo de chegaren territorio europeo, o que as obriga a entrar ilegalmente e a asumir riscos innecesarios.

EMPREGADORES POLA INTEGRACIÓN

A exitosa integración de nacionais de terceiros países no mercado laboral da UE representa unha oportunidade para as nosas sociedades. Cando se integran de forma efectiva, poden axudar a mellorar o funcionamento e o desempeño do mercado laboral, así como apoiar a sostibilidade fiscal. Tendo en conta o envellecemento da poboación europea, isto é particularmente necesario para garantir que as pensións sigan sendo accesibles.

Creastes a vosa propia lei adaptada. Agora tendes que solicitar o apoio de todo o Parlamento Europeo. Preparade una breve presentación da vosa nova lei para os demais deputados (os vosos compañeiros). Utilizade a folla de exercicios e procedede da seguinte forma (3 min):

1. Collede a proposta de lei orixinal da Comisión Europea e lédeas en voz alta.
2. Explicádelles aos vosos compañeiros que cambios solicitou o Consello.
3. Lede en voz alta a vosa nova lei.
4. Expoñede dous ou tres motivos ou argumentos polos que pensades que é unha boa medida para os cidadáns da Unión. Preparádeos previamente e escribídeos na folla de exercicios.